

Unha exposición cunha tese audaz: o ornamento é político. 'Pisando charcos', unha mostra que revisa a traxectoria de Almudena Fernández Fariña, pode verse até o 10 de setembro no Centro Galego de Arte Contemporánea, e descobre unha artista cuxa versatilidade estilística non oculta unha profunda coherencia na súa procura estética.

Texto Manuel Xestoso @MXestoso

Fotos VGAP

'O silencio é linguaxe', 1994.



O Centro Galego de Arte Contemporánea repasa os trinta anos de traxectoria da artista

O ornamento como arma política na pintura de Almudena Fernández

As palabras *tecer* e *texto* comparten a mesma orixe etimolóxica: ambas proceden do latín *textum* e iso segue presente na forma en que nos expresamos: *enfiamos* razoamentos até chegar a un *desenlace*, por exemplo.

A exposición *Pisando charcos*, que mostra trinta anos de traxectoria artística de Almudena Fernández Fariña (Vigo, 1970) e que se pode ver no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) até o vindeiro 10 de setembro, vai tecendo argumentos que mostran unha artista cuxa coherencia debe buscarse non tanto no formal como na persistencia dun pensamento que persegue a ruptura dos límites. Comisariada por Susana Cendán e concibida como unha serie de diálogos con algúns dos referentes da artista, a mostra exhibe un itinerario que, por debaixo da versatilidade estilística, atopa

algúns dos fíos que lle outorgan cohesión á súa carreira.

"Preparando esta exposición decateime de que non son unha artista que siga un percorrido lineal nas súas formas", explica Fernández Fariña en conversa con *Nós Diario*. "Si que hai unha traxectoria moi vertebrada pola pintura, pero sempre me preocupe pouco por alcanzar un estilo que me definise. Non teño medo aos cambios e, máis alá da pintura, desenvolvo proxectos paralelos nos que traballo en diferentes formatos, con distintas técnicas... que me axudan a avanzar no traballo pictórico. Por iso, a exposición se titula *Pisando charcos*, porque non me dá medo meterme onde nunca estiven metida", ironiza.

O silencio é linguaxe

A exposición comeza cunhas obras que reflexionan sobre a linguaxe, baseándose na obra de Barthes que trata a escrita como



Almudena Fernández Fariña.

Corpos que comunican

Nas obras de Almudena Fernández Fariña, talvez a comunicación reside máis no corpo que no que se di. A actividade pausada e silenciosa que elabora a peza é, dalgunha maneira, protagonista dunha forma de transmitir que alude a un corpo que traballa máis que a un significado "puro" que se mantén á marxe da materialidade da obra. Non é casual a apelación a un traballo feminino, "artesán", tantas veces subordinado a un mundo artístico dominado polos homes.

'lugar de goce', como un espazo onde é posíbel conseguir rexistros novos, destruindo a propia linguaxe e, a partir de aí, lograr

unha forma de expresión de novo alento, liberada de regras: en realidade, o campo de batalla da poesía e da arte.

"Interesábame moito levar á pintura esa concepción de dicir máis a través do que se cala que do que se manifesta, de valorar o silencio como unha forma de expresión. Estaba xa experimentando coas posibilidades dunha pintura que se vai desvelando progresivamente e non ao primeiro golpe de vista, unha pintura que precise dunha extensión temporal e que apela ao tacto, que vaia máis alá do óptico para implicar o corpo da persoa espectadora".

Romper os marcos, traspasar as fronteiras

Paulatinamente, a pintura da artista comeza a transformarse en signo indescifrabel, unha caligrafía ilexíbel "que quere ir máis alá das normas gramaticais e que explora todas as posibilidades da escrita. Interesábame moito ese traballo demorado, silencioso e minucioso que habitualmente se asocia co femini-

AREVISTACULTURAL DAFINDESEMANA

"O ORNAMENTO TAMÉN PODE SER POLÍTICO, PODE REIVINDICAR OUTRA FORMA DE MIRAR, DE FACER E DE CONSTRUIR"

sitivo adoptando os patróns decorativos do téxtiles estampados ou dos azulexos.

O ornamental é político

A pintura precisa daquela da complicidade do espazo e do contexto. *Flor de acanto*, a intervención pensada especificamente para o hall do CGAC, toma como motivo ese vexetal que decora a porta principal de San Domingos de Bonaval para integrar na obra a, por veces difícil, relación entre o edificio do CGAC e a Igrexa.

"O edificio de Siza ten todos os elementos da arquitectura moderna, e contrasta dunha maneira moi potente co barroquismo de Bonaval. Introducendo esa folla de acanto, poñendo en valor o ornamental, podemos cuestionar esas categorías de alta e baixa cultura, de arte e artesanía... Creo que o ornamento tamén pode ser político, pode reivindicar outra forma de mirar, de facer e de construír".

Contra a ilusión

As últimas obras da exposición atacan a idealización da arte, apelando aos elementos materiais -pinceis, bastidores- que a compoñen. "Quero mostrar como protagonistas eses materiais para desmontar o ilusionismo da pintura. Cando te asomas a un cadro creas unha ilusión e eu o que pretendo é a propia materialidade da obra, mostrada no seu nivel máis elemental. É unha pintura que non busca *representar* nada, senón *presentarse*. Dalgunha maneira, é unha forma de deconstruír o discurso tradicional sobre a arte", conclúe.

no e ao que non se lle outorga ningún valor".

O tecido ou a cerámica son algunhas desas técnicas que permiten *escapar do cadro*, ir estendéndose máis alá dos límites do marco. E é nese punto que a artista descobre no ornamental, no decorativo, un elemento que humaniza a relación coa persoa que observa.

"Si, a arte contemporánea está moi influenciada polo ensaio do arquitecto Adolf Loos *Ornamento e delito*, que condena o decorativo como un signo de incultura, algo trivial que non achegaba nada ao significado da obra, e a súa teoría converteuse en dogma de fe. Curiosamente, o ornamento é algo que tamén se asocia co feminino, co que pertence ao ámbito doméstico. Por iso reivindicar o ornamental tamén ten un certo aspecto político que procura unha forma de relacionarse máis humanizada. A decoración tal e como a entendemos na vida ordinaria -na vestimenta, na casa, no traballo- o que fai é crear novas relacións afectivas entre os suxeitos e entre eles e os espazos polos que transitamos".

A pintura de Fernandez Fariña comeza daquela a expandirse por todo o espazo expo-



ESTES ÁBADO CON NÓS DIARIO

> Tempo de feirear.
Das feiras tradicionais á Semana Verde
Antón Escuredo

> María Xosé Porteiro.
A ollada dos febles
Entrevista de Montse González

> O auxe do videoxogo
Ricardo Suárez

Libros | Tensi Xesteira,
Susana Sanches Arins

Música | Belém Tajés,
César Morán

Cinema | Andrés Castro

Andar e ver | Colectivo Xea

Escena | Manuel Xestoso

Pasatempos | Xerardo R.
Roca, Xoán Costa

